

ANUNCIO

Na Xunta de Goberno Local ordinaria que tivo lugar o 05/10/2023 adoptouse, entre outros o seguinte acordo:

6. CORRECCIÓN DE ERROS NAS BASES DE CONTRATACIÓN DUN EDUCADOR/A PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL FUNCIONARIO/A INTERINO/A APROBADAS POR ACORDO DA XGL 11/08/2022:

(...)

PRIMEIRO: Corrixir, con base no indicado na parte expositiva do acordo, o erro material que consta no apartado 11 (FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE TRABALLO OU LISTA DE RESERVA) das Bases da Convocatoria para a provisión por concurso-oposición de 1 praza de educador/a infantil funcionario/a interino/a para a escola infantil municipal do Concello de Melide” aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local 11/08/2022 polas que se crea ademais unha bolsa de traballo, publicadas no BOP A Coruña 18.08.2022 núm. 156

Así onde di:

“ No caso de manifestar o seleccionado o seu interese no prazo dos dous días hábiles dende a notificación, deberá así mesmo presentar a documentación sinalada na base 3 e 8 no prazo de catro días hábiles dende a recepción da notificación.”

Debe dicir:

“No caso de manifestar o seleccionado o seu interese no prazo dos dous días hábiles dende a notificación, deberá así mesmo presentar a documentación sinalada na base 10 no prazo de catro días hábiles dende a recepción da notificación.”

Dita corrección será obxecto de publicación no BOP de A Coruña e na sede electrónica do Concello de Melide.

SEGUNDO: Corrixir o erro material que consta no acordo adoptado en data 21/09/2023” baixo o punto da orde do día “3. CONTRATACIÓN A TRAVÉS DA BOLSA DUN/DUNHA EDUCADOR/A INFANTIL FUNCIONARIO/A INTERINO/A PARA A ESCOLA INFANTIL DO CONCELLO DE MELIDE PARA O VINDEIRO CURSO 2023/2024” que consta na súa parte resolutiva e onde di “base 3 e 8” debe dicir “base 10”, quedando redactada como segue:

“Primeiro: Proceder ao chamamento de GLORIA CORRAL CEA para que no prazo máximo improrrogable de 2 días hábiles dende a notificación do presente acordo



*Praza do Convento, 5 -15800 MELIDE (A
Coruña)*

Tfno: 981505003 - Fax: 981506203

www.concellodemelide.gal

manifeste o seu interese na praza, sendo así deberá presentar a documentación sinalada na base 10 no prazo de 4 días hábiles.

Segundo: Notificar o presente acordo á interesada nos termos da Lei 39/2015 de 1 de outubro LPACAP, e mediante a publicación no taboleiro de anuncios e na sede electrónica e na páxina web do Concello.”

Notificarase a corrección da resolución á interesada quen, ao permanecer inalterado o resto do contido da resolución, disporá desde dita notificación do prazo de 2 días hábiles para manifestar o seu interese na praza e, de ser así, presentar a documentación sinalada na base 10 no prazo de 4 días hábiles.

O que se publica para xeral coñecemento

Concello de Melide, venres 13 de outubro de 2023.

O alcalde, José Manuel Pérez Penas.